

10° e cunha escora de ata 20°, a unha ou outra banda, ou dos graos necesarios para que o bordo da cuberta de intemperie se somerxa, se este segundo valor é menor, nun estado de dispoñibilidade continua, de xeito que os tripulantes poidan termina-los preparativos para o embarco e posta a flote en menos de 5 minutos, totalmente equipada, segundo o prescrito no presente capítulo.»

Regra 8: chalecos salvavidas.

Punto 3:

«Os tripulantes dos buques pesqueiros dos cales a actividade se realice sobre cuberta deberán levar posto un chaleco ou dispositivo salvavidas de inflada automática que, sen entorpece-los seus movementos, sexa apto para mantelos a flote en caso de caída á auga.

Estes chalecos ou dispositivos salvavidas serán de inflada automática e aprobados de acordo coa norma EN 396, e poderán ser distintos ós esixidos na normativa vixente sobre dispositivos de salvamento esixidos por seguridade en casos de abandono do buque, sempre que reúnan as condicións de efectividade necesarias para o fin proposto.»

Regra 23: botes de rescate.

Alínea b) do punto 1:

Os botes de rescate poderán ser ríxidos ou inflables, ou ámbalas dúas cousas á vez, e deberán:

i) Ter unha eslora non inferior a 3,8 m nin superior a 8,5 m, excepto nos buques de eslora inferior a 45 m nos que, debido ó tamaño do buque ou a outras razóns polas que se considere inxustificada ou impracticable a instalación de tales botes, a Administración marítima poderá aceptar un bote de rescate de eslora menor, aínda que non inferior a 3,3 m.

ii) Poder transportar, como mínimo, cinco persoas sentadas e unha persoa tendida ou ben, cando se trate de buques de eslora inferior a 45 m cun bote de rescate de menos de 3,8 m, poder transportar, como mínimo, catro persoas sentadas e unha persoa tendida.

Alínea c) do punto 1:

«A Administración marítima establecerá o total de persoas ó que se poderá dar cabida nun bote mediante un ensaio para determina-lo número de asentos. A capacidade mínima de transporte deberá ser acorde co disposto no inciso ii) da alínea b) do punto 1 da regra 23. Os asentos poderán encontrarse no chan, exceptuando o do temoneiro. Ningunha parte das posicións sentadas poderá repousar na regala, o espello ou os dispositivos de flotabilidade situados ós lados do bote.»

25288 *REAL DECRETO 1423/2002, do 27 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 1247/1999, do 16 de xullo, sobre regras e normas de seguridade aplicables ós buques de pasaxe que realicen travesías entre portos españois.* («BOE» 311, do 28-12-2002.)

Mediante o Real decreto 1247/1999, do 16 de xullo, incorporouse ó ordenamento xurídico español a Directiva 98/18/CE do Consello, sobre regras e normas de seguridade aplicables ós buques de pasaxe.

A Directiva 2002/25/CE, do 5 de marzo de 2002, da Comisión, pola que se modifica a Directiva 98/18/CE do Consello, substitúe o anexo I da Directiva 98/18/CE polo texto do anexo que acompaña a propia directiva 2002/25/CE.

Este real decreto ten como finalidade incorporar ó ordenamento xurídico nacional a Directiva 2002/25/CE, facendo por tanto necesaria a modificación do antes citado Real decreto 1247/1999, do 16 de xullo.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Fomento, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de decembro de 2002,

DISPONGO:

Artigo único.

O anexo I do Real decreto 1247/1999, do 16 de xullo, sobre regras e normas de seguridade aplicables ós buques de pasaxe que realicen travesías entre portos españois, substitúese polo anexo deste real decreto.

Disposición derogatoria única.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto neste real decreto.

Disposición derradeira única.

Este real decreto entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2003, agás aquelas prescricións do anexo que establezan outras datas; neste caso haberá que atermos a estas últimas.

Dado en Madrid o 27 de decembro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Fomento,
FRANCISCO ÁLVAREZ-CASCOS FERNÁNDEZ

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

25291 *REAL DECRETO 1322/2002, do 13 de decembro, sobre requisitos agroambientais en relación coas axudas directas no marco da política agraria común.* («BOE» 311, do 28-12-2002.)

O Regulamento (CE) n.º 1259/1999, do Consello, do 17 de maio de 1999, polo que se establecen as disposicións comúns aplicables ós réximes de axuda directa no marco da política agraria común, dispón no seu artigo 3 a obriga dos estados membros de adoptaren as medidas agroambientais que consideren apropiadas, tendo en conta a situación das terras ou das producións e os potenciais efectos das actividades que se desenvolvan sobre o ambiente, e faculta os estados membros para reduciren, e mesmo suprimiren, os beneficios procedentes dos réximes de axuda cando non se cumpran as mencionadas normas, e para aplicaren os importes procedentes da redución dos pagamentos a determinadas axudas adicionais no marco da axuda ó desenvolvemento rural.

Para a aplicación do dito regulamento débese ter en conta, por unha banda, o previsto no seu artigo 5.1, no sentido de que se debe garantir un tratamento equitativo a tódolos agricultores e gandeiros e evitar distorsións do mercado ou da competencia e, por outra parte, a diversidade das distintas rexións agrarias que

poden requirir tratamentos específicos para desenvolver e aplicar polas comunidades autónomas respecto dos problemas agroambientais de maior incidencia na agricultura española e que son obxecto de consideración neste real decreto.

Por todo o anterior, é necesario establece-la normativa básica que determine aquelas prácticas agrarias que, con carácter xeral, se consideran indesexables desde o punto de vista agroambiental e que permita unha certa homoxeneización en todo o territorio nacional das deducións das axudas, o detalle das cales poderá ser desenvolvido polas comunidades autónomas tendo en conta a singularidade das rexións agrarias, especialmente a determinación das condicións de dimensión, pendente mínima e profundidade para a labra das terras, e a capacidade suficiente das esterqueiras estancas.

O disposto neste real decreto ten carácter de normativa básica estatal, ó abeiro do disposto polo artigo 149.1.13.^a da Constitución, que lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 13 de decembro de 2002,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten como obxecto establece-los requisitos agroambientais ó cumprimento dos cales se supeditará o pagamento íntegro das axudas directas no marco da política agrícola común, de conformidade co Regulamento (CE) n.º 1259/1999, do Consello, do 17 de maio de 1999, polo que se establecen as disposicións comúns aplicables ós ditos réximes de axuda.

Artigo 2. *Requisitos agroambientais.*

1. Os pagamentos directos íntegros das axudas comunitarias, no marco das organizacións comúns de mercado a que se refire o anexo do Regulamento 1259/1999, quedarán supeditados nas actividades agrícolas ou gandeiras que se desenvolvan na explotación ó cumprimento dos requisitos agroambientais que se detallan a continuación:

a) Requisitos para as actividades agrícolas:

1.º Non queima-los restrollos, excepto cando esta práctica veña aconsellada por razóns agronómicas e sexa autorizada pola autoridade competente.

2.º Mante-las terras retiradas do cultivo conforme as prácticas agronómicas establecidas na normativa reguladora das axudas ós cultivos herbáceos.

3.º Mante-las terras de barbeito tradicional con mínima labra ou mantendo unha cuberta vexetal adecuada, co fin de minimiza-los riscos de erosión, conforme as directrices establecidas na normativa reguladora das axudas a cultivos herbáceos, para as terras retiradas de cultivo.

4.º Non labra-la terra na dirección da pendente.

5.º Efectua-las prácticas de rega de acordo coa normativa vixente en materia de concesións de auga e delimitación e condicións de uso establecidas polos organismos ou administracións hidráulicas competentes.

b) Requisitos para as actividades gandeiras:

1.º Cumpra-las normas establecidas nos programas obrigatorios de vixilancia e erradicación de enfermidades do gando.

2.º Dispor, nas instalacións ou edificacións de estabulación permanente, de esterqueiras impermeabilizadas natural ou artificialmente, cun sistema de recolleita de escorrentías e con capacidade suficiente de almacenamento en función da xestión prevista, ou, no seu defecto, utilizar un sistema de almacenamento e recolleita que, en todo caso, evite o risco de filtración e contaminación de augas superficiais e subterráneas.

3.º Retira-los animais mortos na explotación de acordo coa normativa vixente.

4.º Non queima-los pastos, excepto cando esta práctica se realice en condicións controladas por razóns de prevención de incendios, logo de autorización expresa por parte da autoridade competente.

2. As comunidades autónomas, tendo en conta a especificidade das situacións territoriais correspondentes, poderán desenvolver-los requisitos e prácticas do punto anterior.

Artigo 3. *Diminución de axudas.*

1. O incumprimento dalgún dos requisitos establecidos no artigo anterior dará lugar a unha redución do importe total dos pagamentos concedidos ó produtor con cargo ó ano civil no que se produciu o incumprimento. Consideranse pagamentos con cargo a un ano civil os que correspondan a solicitudes de axuda presentadas durante o dito ano.

2. As porcentaxes de diminución das axudas aplicaranse ó conxunto dos pagamentos das axudas agrícolas ou gandeiras segundo o requisito agroambiental incumplido. As comunidades autónomas poderán establecer, sen exceder do 20 por 100 do conxunto dos pagamentos agrícolas ou gandeiros, distintas porcentaxes de diminución das axudas en función do risco ou dano agroambiental que poida produci-la práctica inadecuada, de forma que non se orixinen distorsións nos mercados e se garanta un tratamento equitativo a tódolos agricultores e gandeiros.

Artigo 4. *Aplicación dos importes retidos.*

1. Os importes retidos en virtude do disposto no artigo anterior deberán utilizarse como financiamento comunitario adicional dalgunhas das medidas consideradas no punto 2 do artigo 5 do Regulamento (CE) n.º 1259/1999, con especial incidencia, se é o caso, nas zonas da Rede Natura 2000, como máis tarde antes de que conclúa o terceiro exercicio seguinte a aquel en que foron retidos.

2. Os importes retidos deberán manterse en contas específicas abertas por cada un dos organismos pagadores.

3. A contabilización deberá permitir identifica-la procedencia dos fondos retidos, así como o beneficiario e a liña ou liñas de axuda afectadas.

Artigo 5. *Execución, coordinación e control.*

1. As comunidades autónomas, na xestión das axudas da política agraria común (PAC), aplicarán e executarán o disposto neste real decreto e establecerán os correspondentes controis.

2. Calquera autoridade que, no exercicio das súas competencias, detecte algunha das prácticas inadecuadas consideradas no artigo 2 deste real decreto deberá comunicalo ós servizos das comunidades autónomas responsables da xestión das axudas da PAC.

3. As comunidades autónomas remitiranlle ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, antes do 31 de marzo de cada ano, un informe anual sobre a apli-

cación das medidas, os importes retidos e unha avaliación dos seus efectos no ano civil anterior, de acordo co establecido na regulamentación comunitaria.

Disposición derradeira primeira. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, no ámbito das súas competencias, para desenvolver este real decreto, así como para adaptalo ás modificacións dos parámetros, límites e condicións que se produzan na normativa comunitaria, e para variar os termos e prazos previstos neste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ó abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución, que lle reserva ó Estado a competencia exclusiva sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 13 de decembro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Pesca
e Alimentación,
MIGUEL ARIAS CAÑETE

MINISTERIO DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

25357 REAL DECRETO 1327/2002, do 13 de decembro, sobre determinación do custo efectivo correspondente ós servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia polo Real decreto 1838/1999, do 3 de decembro, en materia de ensinanza non universitaria (profesorado de relixión). («BOE» 312, do 30-12-2002.)

A Constitución, no artigo 149, resérvalle ó Estado a competencia exclusiva sobre regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais e normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución, co fin de garantir o cumprimento das obrigas dos poderes públicos nesta materia.

Pola súa parte, o Estatuto de autonomía para Galicia, aprobado por Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, establece no seu artigo 31 que lle corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia plena para a regulación e administración da ensinanza en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e leis orgánicas que, conforme o artigo 81.1 desta, o desenvolven, e sen prexuízo das facultades que lle atribúe ó Estado o artigo 149.1.30.^a e da alta inspección para o seu cumprimento e garantía.

Polo Real decreto 1838/1999, do 3 de decembro, foron ampliados as funcións e servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de profesorado de relixión, quedando pendente a fixación do custo efectivo correspondente a este profesorado, para integrar no sistema de financiamento, a que conclúese o período de equiparación retributiva a que se refire o artigo 93 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social. Esta circunstancia produciuse no ano 2002.

Finalmente, o Real decreto 581/1982, do 26 de febreiro, regula a forma e condicións a que han de axustarse os traspasos de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia.

De conformidade co disposto no real decreto citado, que tamén regula o funcionamento da Comisión Mixta de Transferencias prevista na disposición transitoria cuarta do Estatuto de autonomía para Galicia, esta comisión adoptou, na súa reunión do día 26 de novembro de 2002, o oportuno acordo, a virtualidade práctica do cal esixe a súa aprobación polo Goberno mediante real decreto.

Na súa virtude, en cumprimento do disposto na disposición transitoria cuarta do Estatuto de autonomía para Galicia, por proposta do ministro de Administracións Públicas e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 13 de decembro de 2002,

DISPONGO:

Artigo 1.

Apróbase o Acordo da Comisión Mixta prevista na disposición transitoria cuarta do Estatuto de autonomía para Galicia, polo que se determina o custo efectivo correspondente ós servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ensinanza non universitaria (profesorado de relixión), adoptado polo Pleno da dita comisión na súa reunión do día 26 de novembro de 2002, e que se transcribe como anexo a este real decreto.

Artigo 2.

En consecuencia, a valoración do custo efectivo obxecto deste acordo, para efectos da revisión do fondo de suficiencia, terá efectividade a partir da data sinalada no anexo a este real decreto.

Disposición derradeira única.

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 13 de decembro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Administracións Públicas,
JAVIER ARENAS BOCANEGRA

ANEXO

Juan Palacios Benavente e Pedro Puy Fraga, secretarios da Comisión Mixta de Transferencias prevista na disposición transitoria cuarta do Estatuto de autonomía para Galicia,

CERTIFICAN

Que no Pleno da Comisión Mixta de Transferencias Administración do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia, que tivo lugar o día 8 de outubro de 1999, se